



***PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL
DA ASOCIACIÓN TERRAS DE COMPOSTELA GDR 19.***

I.- ANTECEDENTES

A Asociación Terras de Compostela GDR 19, concorreu á convocatoria de AGADER, para selección de Grupos de Desenvolvemento Rural como entidades colaboradoras na xestión do Programa LEADER de Galicia 2014 – 2020.¹

Con data 13 de decembro de 2016 a Asociación Terras de Compostela GDR 19 asina convenio de colaboración coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, en diante AGADER, para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na Medida Leader de Galicia, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e indica que se contratará un equipo profesional responsable, integrado por profesionais cualificados nos diversos sectores e actividades económicas do medio rural.

A Asociación Terras de Compostela GDR 19, por acordo de Xunta Directiva, de data 20 de OUTUBRO de 2021, dispuxo convocar un proceso de selección para a contratación de persoal, en relación á xestión e aplicación do Programa de Desenvolvemento Local participativo, deste GDR.

O proceso garantirá os principios de igualdade, mérito e capacidade, publicidade e concorrencia, aplicando un sistema de valoración imparcial, para o que se procederá á contratación dunha entidade experta e independente que leve a cabo o proceso.

Neste marco, publícanse as presentes bases reguladoras, que foron redactadas tendo en conta a instrución nº 1/2016, do 26 de agosto de 2016, sobre o procedemento de selección do equipo xestor dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) da Medida 19 LEADER do PDR de Galicia 2014-2020 financiado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural FEADER, e en concreto, por medio do convenio de colaboración subscrito por Asociación Terras de Compostela GDR 19 e AGADER.

¹ RESOLUCIÓN do 11 de febreiro de 2016 pola que se publica o Acordo do 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e convócase o correspondente proceso de selección

II.- BASES REGULADORAS

BASE 1.- OBXETO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria establece as bases para a selección dun TÉCNICO/A para a xestión da Medida LEADER do PDR de Galicia, asignado á Asociación Terras de Compostela GDR 19.

BASE 2. DESCRIPCIÓN DOS POSTOS, REQUISITOS E FUNCIONS. POSTO DE TÉCNICO.

As características do posto de "TÉCNICO/A", requisitos, e funcións son as seguintes:

CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABAJO

- Tempo completo.
- Horario: a convir.
- Retribución: a retribución salarial será como máximo aquela que establece AGADER para esta categoría.
- Duración: contrato por obra ou servizo determinado.
- Período de proba: 6 meses.
- Centro de Traballo: Sede da Asociación Terras de Compostela GDR 19.
- A relación entre o GDR e o persoal terá carácter laboral, non mercantil.

REQUISITOS.

- Posuír a nacionalidade española, a dun Estado membro da Unión Europea ou dalgún estado no que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola UE e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Ser maior de 18 anos e non alcanzar a idade de xubilación.
- Estar en posesión do permiso de conducir B e dispoñer de vehículo propio para realizar desprazamentos.
- Non padecer enfermidades ou defectos físicos que lle impidan o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo.
- Non estar incurso en causas de incapacidade ou incompatibilidade, segundo a lexislación vixente.
- Non ser separado definitivamente, mediante expediente disciplinario, do servizo, en calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio da función pública. Os aspirantes, cuxa nacionalidade non sexa a española deberán acreditar igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- Non desempeñar ningún cargo electo na Asociación Terras de Compostela GDR 19.
- Titulación mínima requirida: Diplomatura Universitaria/ Enxeñería Técnica ou equivalente.
- Dispoñer dunha dirección de correo electrónico para a comunicación do resultado dos trámites do presente proceso.
- Necesaria dispoñibilidade para realizar desprazamentos.

COÑECEMENTOS COMPLEMENTARIOS.

Valorarase a formación complementaria nas seguintes áreas, tendo en conta que unicamente será puntuable, a formación acreditada por algún organismo público oficial ou por algunha entidade de natureza privada que conte con recoñecemento da Administración para impartir formación.

- Formación en aplicacións informáticas.
- Formación en contabilidade.
- Coñecemento da lingua galega.
- Coñecemento de inglés.

Ademais, valorarase a experiencia laboral en:

- *Programas de desenvolvemento local participativo baixo metodoloxía LEADER.*
- *Técnicas de contabilidade e/ou xestión financeira*

FUNCIONS A REALIZAR.

- *Prestar apoio e colaboración á Xerencia en todos os labores de carácter técnico, informativo, de asesoramento, de inspección, seguimento e control de proxectos, de difusión, etc*
- *Información e asesoramento técnico a emprendedores e empresas.*
- *Elaboración de informes técnicos e preparación de documentación relacionada cos expedientes do programa.*
- *Animación para a promoción de iniciativas e proxectos enmarcados no programa.*
- *Dinamización de colectivos para a posta en marcha de proxectos.*
- *Impulsar o desenvolvemento de accións relativas á execución de proxectos complementarios ao LEADER.*
- *Asistencia a xornadas de formación e información, relacionadas coa execución dos programas.*
- *Traballo coordinado cos órganos de participación establecidos polo GDR para a poboación do territorio.*
- *Preparación e participación en reunións informativas sobre as características e requisitos esixidos polo programa*
- *Preparación de reunións para colectivos determinados e con axentes dinamizadores do programa de desenvolvemento no territorio.*
- *Sensibilización e dinamización de promotores para a formulación de proxectos innovadores.*
- *Desenvolvemento e participación nos proxectos de cooperación promovidos ou nos que participe o GDR no ámbito do LEADER ou complementarios ao mesmo.*
- *Asistencia ás reunións de traballo no marco dos proxectos de cooperación.*
- *Organización, participación e asistencia a feiras de promoción.*
- *Calquera outra que lle sexa encomendada polos órganos de decisión da Asociación, así como os inherentes ao Programa LEADER, que sexan sinalados pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).*

BASE 3: PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

A oferta de contratación divulgarase polos seguintes medios:

- a) *Publicación do anuncio da oferta no xornal de maior difusión no territorio.*
- b) *Envío do anuncio da convocatoria, para a súa difusión aos concellos do ámbito de actuación da Asociación: Ames, A Baña, Boqueixón, Brión, Negreira, Santa Comba, Santiago, Teo, Val do Dubra e Vedra.*
- c) *Publicación na páxina web da Asociación Terras de Compostela GDR 19.*
<http://www.terrasdecompostela.org>
- d) *Publicación na páxina web de AGADER: <http://agader.xunta.gal>*
- e) *Inclusión no taboleiro de anuncios da Sede da Asociación Terras de Compostela GDR 19 (Lugar Cibrán, 4 - San Xián de Sales, 15885 Vedra (A Coruña)).*

En todos os lugares onde se publique a oferta ou anuncio de contratación farase constar onde se poderán descargar as bases da convocatoria.

Así mesmo, habilitase o correo electrónico info@terrasdecompostela.org para solicitar información adicional, resolver dúbidas e incidencias que puidesen producirse ao longo presente proceso, ou facilitar o envío e recepción de comunicacións.

BASE 4: SOLICITUDES

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes, dirixidas á Asociación Terras de Compostela GDR 19, Cibrán, nº 4 – San Xián de Sales 15885 Vedra. A Coruña. Presentaranse preferiblemente por correo postal certificado, identificando no sobre o posto de TÉCNICO/A. Deberase presentar toda a documentación completa e lexible. Tamén se poderá presentar dita documentación nas Sede da entidade, en horario de 9.00 a 14.00 horas rexistrando a data de entrada (neste caso, é imprescindible solicitar cita previa chamando ao teléfono 610 922 335).

A persoa aspirante, deberá xustificar a súa remisión enviando notificación, xunto coa solicitude (ANEXO 1) e DNI, ao correo electrónico info@terrasdecompostela.org antes das 24 horas do último día en que finaliza o prazo de presentación.

Para os efectos de cómputo do prazo para presentar a solicitude de admisión, tomarase como data a que conste no selo do certificado de correos.

PRAZO

O prazo para a presentación da solicitude e documentación acreditativa iniciárase ao día seguinte ao da publicación do anuncio en prensa (ver punto a de a base 3), e permanecerá aberto un período de 10 días naturais. Transcorrido este prazo non se admitirá ningunha solicitude.

DOCUMENTACIÓN

A solicitude debe presentarse no formato do **anexo I** e debe acompañarse da seguinte documentación lexible:

- Copia do D.N.I.
- Curriculum vitae, en formato EUROPASS.
- Para aqueles aspirantes que o precisen o formato podese descargar no sitio web de EUROPASS <https://europass.cedefop.europa.eu/es>
- Copia do documento oficial acreditativo de estar en posesión da titulación requirida para o posto.
- Informe de vida laboral, para a acreditación da experiencia profesional e certificado/s de a entidade/s nos que se mencione expresamente a data de inicio e finalización, a/as función/s desenvolvida/s e o posto.
- Copia de toda aquela documentación acreditativa de todos os coñecementos, méritos e experiencia profesional que queira alegarse na fase de valoración de méritos.
- En relación á formación que se acreditei só será puntuable aquela impartidas por un organismo público ou por unha entidade privada que conte co recoñecemento da administración competente na materia.
- En relación ao idioma será obrigatoria presentar certificados de entidades acreditadas.
- Declaración na que conste que non está incurso nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma galega, así como no caso de que cambien as circunstancias que poidan afectar a compatibilidade (**anexo II**).
- Compromiso de dispoñibilidade (**anexo III**).

BASE 5.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

Esgotado o prazo de admisión das solicitudes, procederase á comprobación da documentación presentada e á elaboración da unha lista provisional de aspirantes na que se indicará tamén a relación das persoas excluídas e a causa da súa exclusión.

Esta lista publicárase na páxina web da Asociación de Desenvolvemento Rural TERRAS DE COMPOSTELA GDR 19 e na de AGADER.

Dado o tempo necesario para a comprobación da documentación, estímase, que a lista provisional de aspirantes publicárase en 10 días naturais desde a data de finalización do prazo para presentación de solicitudes.

PRAZO PARA SUBSANACIÓN DE DEFECTOS

En caso de exclusión e de ser esta emendable, no prazo de 5 días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional, as persoas aspirantes excluídas poderán presentar a documentación complementaria, por correo certificado ou fisicamente na Sede da Asociación Terras de Compostela en horario de 9.00 a 14.00 horas rexistrando a data de entrada (neste caso, é imprescindible solicitar cita previa chamando ao teléfono 610 922 335), dirixido á comisión de selección da Asociación Terras de Compostela GDR 19.

Transcorrido este período procederase á confección dunha lista definitiva coa relación dos/as aspirantes admitidos/as, que será exposta, a efectos de publicidade, na páxina web da Asociación e de AGADER.

Así mesmo, coa publicación da lista definitiva indicárase tamén a data e lugar de realización da proba escrita, que non será antes do transcurso de 72 horas desde a devandita publicación.

BASE 6.- COMISIÓN DE SELECCIÓN

A entidade encargada da realización do proceso de selección realizará as probas e valoracións deste procedemento e emitirá un informe, de cada unha das fases do proceso, coa proposta que resulte.

No seo da Xunta Directiva tense constituído unha comisión de selección que está formada por tres representantes: presidente, secretario e vocal. A Comisión de Selección, será a encargada de valorar e resolver as alegacións que poidan presentarse durante o proceso.

O resultado do conxunto do proceso, unha vez verificado pola devandita Comisión, deberá ser ratificado da Xunta Directiva.

BASE 7.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento para a praza de técnico constará de tres partes:

- 1. Proba escrita:** 60% da puntuación do proceso selectivo. 12 puntos. Esta proba é eliminatoria, polo que só pasasen á seguinte fase os aspirantes que a superen, é dicir aqueles que obteñan un mínimo de 6 puntos. No caso de que só pase un candidato, continuarán no proceso os dous candidatos con maior puntuación, aínda que estes non superasen a nota de corte.
- 2. Entrevista persoal:** 25% da puntuación do proceso selectivo. 5 puntos.
- 3. Valoración de méritos:** 15% da puntuación do proceso selectivo. 3 puntos.

PROBA ESCRITA

Constará dun exercicio tipo test con 25 preguntas puntuando exclusivamente as acertadas. Duración 30 minutos.

TEMARIO

1. Estrutura económica e social do territorio da Asociación Terras de Compostela GDR 19.
2. Aspectos xeográficos do territorio. Patrimonio natural e cultural.
3. Planificación estratéxica en desenvolvemento rural
4. Evolución e xestión do desenvolvemento rural en Galicia.
5. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)
6. PDR de Galicia (Decisión da Comisión Europea C (2015) 8144, do 18 de novembro, aprobatoria do PDR de Galicia 2014-2020.
7. Resolución do 11 de febreiro de 2016 pola que se publica o Acordo do 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e convócase o correspondente proceso de selección.
8. Resolución do 13 de decembro de 2019 pola que se publica o Acordo do 13 de decembro de 2019 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten no marco da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas con Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR) (código de procedemento MR701D).
9. Coñecemento e práctica da tramitación de subvencións Leader.
10. Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
11. Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e apróbase o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.
12. Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.
13. Lei orgánica 15/1999, do 7 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
14. Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
15. Lei 9/2007, do 7 de xuño, de subvencións de Galicia.
16. Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
17. O asociacionismo. Concepto, características e normativa que o regula.
18. Resolución do 13 de decembro de 2019 polas que se aproban as bases reguladoras de axudas das medidas 19.2 e 4 de LEADER.
19. Normativa Comunitaria de Aplicación:
 - Regulamento (UE) 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, 17 de decembro.
 - Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello. do 17 de decembro.
 - Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.
 - Regulamento delegado (UE) nº 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo, que completa o Regulamento (UE) nº 705/207 do Parlamento Europeo e do Consello.
 - Regulamento de execución (UE) nº 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo.
 - Regulamento de execución (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo.

Unha vez realizada a proba escrita e no prazo máximo de 7 días naturais publicarase, na web da Asociación e na de AGADER.

- *As puntuacións obtidas polos participantes.*
- *A data de inicio da seguinte fase.*
- *As persoas citadas para a primeira entrevista, así como o calendario de días previstos para as consecutivas entrevistas e persoas convocadas para cada día.*

ENTREVISTA PERSOAL

As persoas aspirantes para a praza de TÉCNICO/A que superasen a fase anterior pasarán a realizar unha entrevista persoal, dunha duración aproximada de 15-20 minutos por candidato/a.

A entrevista terá como finalidade principal comprobar a idoneidade dos/as aspirantes e a capacidade e disposición destes para o desenvolvemento dos postos e tarefas aos que opten. A entrevista persoal puntuarase de 1 a 5, e supoñerá un 25 % da cualificación final no proceso. De cada candidato elaboraranse un informe que deberá xustificar a puntuación obtida.

Finalizadas as entrevistas de todos os candidatos para o posto ofertado, publicarase unha listaxe coas puntuacións obtidas na páxina web da Asociación e na de AGADER.

VALORACIÓN DOS MÉRITOS ACREDITADOS

Finalizada a última entrevista e publicadas as puntuacións obtidas nesta fase, levará a cabo o estudo e comprobación dos currículo cos méritos acreditados, para o que se establece un período de 7 días naturais.

Para o efecto, valorarase toda a documentación achegada, segundo os criterios establecidos nas presentes bases, aplicando os baremos previstos nas mesmas.

Hai que sinalar, que nos méritos que se acrediten en formación, unicamente será puntuable, a impartida por algún organismo público oficial ou por algunha entidade de natureza privada que conte con recoñecemento da Administración para impartir formación.

Unicamente computaranse e puntuaranse os meses traballados completos. Non se computarán os períodos inferiores a un mes.

Unha vez alcanzada a puntuación máxima establecida para cada categoría, non se computarán nin serán tidos en conta o resto dos méritos acreditados.

O baremo aplicable á valoración dos méritos supoñerá un 15 % da cualificación final no proceso.

Os méritos puntuaranse, segundo a seguinte táboa:

A – Coñecementos Complementarios	Máx. 2 pts
Formación universitaria adaptada ás características do posto de traballo. 1,5 punto	
Formación específica vinculada ao Desenvolvemento Rural. 0,1 puntos / cada 20 horas acreditadas por unha Universidade, Institución Pública, Colexio Profesional ou centros de formación acreditados.	
Formación específica vinculada indirectamente co desenvolvemento local – rural. 0,05 puntos/ cada 20 horas acreditadas por unha Universidade, Institución Pública, Colexio Profesional ou centros de formación acreditados.	
B– Formación específica vinculada a coñecementos técnicos.	Máx 1 pts.
Formación específica en aplicacións informáticas 0,1 puntos/ cada 20 horas acreditadas por unha Universidade, Institución Pública, Colexio Profesional ou centros de formación acreditados. Máximo 0,4 puntos. (Mínimo acción formativas: 20 horas)	
Formación específica en contabilidade. 0,1 puntos/ cada 20 horas acreditadas por unha Universidade, Institución Pública, Colexio Profesional ou centros de formación acreditados. Máximo 0,4 puntos. (Mínimo acción formativas: 20 horas)	
Certificado de Lingua Galega. CELGA 3 ou equivalente/ 0,05puntos. (só valorarase o nivel máis alto)	
Certificado de Lingua Galega. CELGA 4 ou equivalente/0,1 puntos. (só valorarase o nivel máis alto)	
Coñecementos de inglés. Nivel B2 ou superior. 0,1 puntos	
C– Experiencia profesional.	Máx 2 pts
Experiencia acreditada polo candidato no desempeño do posto de técnico en relación coa xestión de programas de desenvolvemento local participativo. 0.25 puntos/ano. Máximo 2 puntos	
Experiencia como técnico ou xestor de fondos noutras entidades públicas. 0,125 puntos /ano. Máximo 1 punto	
Por experiencia como xerente, director ou xestor de fondos noutras entidades privadas. 0,063 puntos/ ano. Máximo 1 punto	
Experiencia en redacción e solicitude de proxectos ou programas de desenvolvemento rural. 0,25 puntos/proxecto. Máximo 1 punto	
Experiencia como técnico en contabilidade e/ou xestión financeira. 0,125 puntos /ano. Máximo 1 punto	
Total	Máxim 5 pts
Suma A + B + C	

Transcorrido o prazo de 7 días naturais para realizar o estudo e comprobación dos currículo e aplicación de baremos aos méritos acreditados, publicarase a listaxe das puntuacións outorgadas aos candidatos/as.

Dado que esta fase é a última do proceso, na mesma data publicaranse todas as puntuacións obtidas polo/as candidatos/as en cada fase, e as puntuacións FINAIS, que serán o resultado da suma de todas as puntuacións.

As puntuacións finais e a desagregación das obtidas publicaranse na páxina web da Asociación e na de AGADER.

BASE 8- CLASIFICACIÓN DEFINITIVA E CONTRATACIÓN

*A persoa aspirante que obtivese a maior puntuación TOTAL, accederá directamente ao posto, os dous aspirantes seguintes en puntuación obterán unha “reserva de praza” constituíndo unha **LISTA DE AGARDA**. Esta lista de agarda utilizarase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciado o período de contratación, ou para cubrir futuras necesidades para cubrir esta posto (baixa voluntaria, baixa temporal prolongada, etc.*

O Comité de Selección, a proposta da empresa encargada do proceso, ten facultade para declarar o proceso deserto, de non alcanzar ningún dos aspirantes, os requisitos mínimos establecidos.

BASE 9.- ALEGACIONES, IMPUGNACIONES E INCIDENCIAS

A convocatoria, as súas bases e as fases do proceso de selección, poderán ser impugnadas polos interesados presentando recurso ou alegacións á Comisión de Selección da Asociación Terras de Compostela GDR 19

Devandito escrito remitiranse, preferiblemente por correo postal certificado a Asociación Terras de Compostela GDR 19, Cibrán, nº 4 – San Xán de Sales 15885 Vedra- A Coruña, ou fisicamente na Sede da entidade, en horario de 9.00 a 14.00 horas (neste caso, é imprescindible solicitar cita previa chamando ao teléfono 610 922 335) e dirixido á atención da Comisión de Selección da Asociación, citando no sobre: “ALEGACIÓNS AO PROCESO DE SELECCIÓN DE TÉCNICO”, á sede da Asociación Terras de Compostela GDR 19, Cibrán, nº 4 – San Xán de Sales 15885 Vedra. A Coruña.

No caso de que algún/ha candidato/a quixese impugnar algunha das fases do proceso, poderá expor alegacións baixo a fórmula definida anteriormente ante a Comisión de Selección no prazo de 3 días naturais desde a data en que se dea publicidade á lista de aspirantes que pase á fase seguinte, debendo resolver a comisión no prazo de 10 días naturais. En caso, de que revisada a impugnación, o/a candidato/a supere a fase impugnada, engadirase a lista de persoas seleccionadas; o que será publicado para todos os efectos nos mesmos medios nos que se publican as listas.

Se se quixese impugnar todo o proceso, o prazo será de 3 días naturais desde a publicación do anuncio da convocatoria e oferta de contratación.

A Comisión de Selección queda facultada para resolver cantas incidencias preséntense no desenvolvemento do proceso de selección e ata a proposta de contratación, así como de resolver o conveniente para a boa orde do proceso selectivo. Contra as resolucións da Comisión de Selección, o interesado poderá presentar alegacións ante AGADER.

En Vedra a 25 de novembro de 2021

**ANEXO Á SOLICITUDE PARA O POSTO: DOCUMENTACIÓN QUE SE
ACOMPaña**

(Sinalar con unha X)

- ☐.- *Copia do D.N.I*
- ☐.- *Curriculum vitae, en formato EUROPASS.*
- ☐.- *Copia do documento oficial acreditativo de estar en posesión da titulación requirida para o posto.*
- ☐.- *Copia da documentación que acredite todos os coñecementos, méritos e experiencia profesional que queiran alegarse para a fase de valoración de méritos.*
- ☐.- *Declaración na que conste que non está incurso nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma galega, así como no caso de que cambien as circunstancias que poidan afectar a compatibilidade (anexo II).*
- ☐.- *Compromiso de dispoñibilidade (anexo III).*
- ☐.- *Outros (especificar)*

Notas aclaratorias

- A efectos comprobatorios, poderá requirirse a documentación orixinal para a súa compulsa antes da contratación.
- Non se valorarán os méritos non acreditados convenientemente.
- Non se terá en conta aquela documentación ilexible.

ANEXO I

Modelo “INSTANCIA SOLICITUDE- PROCESO SELECCIÓN TÉCNICO/A”.

D/Dona....., con Documento Nacional de Identidade númeroe domicilio en, CPC/....., nº.....
Teléfono Fijo..... móbil..... e- mail.....

EXPON:

1º Que tivo coñecemento mediante o anuncio publicado en, de data, da convocatoria realizada pola Asociación Terras de Compostela GDR 19, para a contratación de persoal do posto de traballo de técnico, no marco do desenvolvemento e execución do Programa LEADER 2014 -2020, e está interesado en participar no proceso de selección.

2º Que coñece e acepta as Bases do proceso de Selección para a contratación de persoal para a execución do Programa LEADER pola Asociación Terras de Compostela GDR 19.

3º Que reúne os requisitos mínimos establecidos na convocatoria, en concreto, na BASE 2: DESCRIPCIÓN DOS POSTOS, REQUISITOS E FUNCIÓN.

4º Que adxunta á presente instancia a documentación que se indica na folia anexa.

Polo que SOLICITA

Que se teña por presentada a presente instancia xunto cos documentos que a acompañan e admítase, ao obxecto de participar nas probas de selección convocadas para cubrir a praza de TÉCNICO

Lugar, data e sinatura do/a solicitante:

A/A Comité de Selección. Asociación Terras de Compostela GDR 19
Cibran, nº 4 – San Xán de Sales 15885 Vedra. La Coruña.

ANEXO II

Modelo "DECLARACIÓN DE NON ESTAR AFECTADO DE INCOMPATIBILIDADE".

D/Dona....., con Documento Nacional de Identidade númeroe domicilio en, CPC/....., nº.....
Teléfono fixo..... móbil..... e- mail.....

O/A abaixo asinante, para os efectos previstos na Convocatoria e Bases do proceso de Selección para a contratación de persoal pola Asociación Terras de Compostela para a xestión da Medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, declara que non vén desenvolvendo ningún posto ou actividade no Sector Público, nin realiza actividades privadas incompatibles ou que requiran coñecemento de compatibilidade co posto de TÉCNICO/A ao que opta ao participar neste proceso, nin percibe pensión por dereitos pasivos ou por calquera réxime da Seguridade Social (público e obrigatorio).

Así mesmo, declara baixo a súa responsabilidade que non desempeña cargo algún nos órganos de decisión da Asociación.

Lugar, data e sinatura do/a solicitante:

A/A Comité de Selección. Asociación Terras de Compostela GDR 19
Cibran, nº 4 – San Xián de Sales 15885 Vedra. La Coruña.

ANEXO III
Modelo "DECLARACIÓN XURADA".

D/Dona....., con Documento Nacional de Identidade númeroe domicilio en, CPC/....., nº.....
Teléfono fixo..... móbil..... e-mail.....

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

1. Que non desempeña ningún cargo electo nos órganos da Asociación Terras de Compostela nin en ningún Grupo de Desenvolvemento Rural de Galicia.
2. Que non padece enfermidade ou secuela física algunha que lle impida o desempeño das funcións correspondentes ao posto ao que aspira.
3. Que dispón de vehículo propio e que presenta dispoñibilidade para desprazarse polo territorio de actuación da Asociación Terras de Compostela, ou por calquera outro ao que teña que desprazarse para dar cumprimento ás funcións inherentes ao posto, a fin de velar polo óptimo desenvolvemento e execución da Medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020.

O que declara para os efectos da súa solicitude de participación no proceso de selección do posto de TÉCNICO/A para a xestión da Medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020 da Asociación Terras de Compostela.

Lugar, data e sinatura do/a solicitante:

A/A Comité de Selección. Asociación Terras de Compostela GDR 19
Cibran, nº 4 – San Xián de Sales 15885 Vedra. La Coruña.